

XXIV
FESTIVAL

DE

JAZZ

DE

LUGO

DO
AO

8

NO

EMBRO

15

2014



CÍRCULO DAS ARTES - ESCENARIO 1906

10 nov. HBC THE SUPER TRIO – SCOTT HENDERSON / JEFF BERLIN / GARY NOVAK-21:30 h

11 nov. LOU DONALDSON QUARTET-21:30 h

12 nov. SMILING ORGANIZM-20:30 h

13 nov. SUMRRÁ-20:30 h

14 nov. BAPTISTE TROTIGNON TRIO-20:30 h

15 nov. PAUL JACKSON TRIO & RICK MARGITZA-20:30 h

CASA DO SABER DA USC. Entrada libre ata esgotar localidades.

10 nov. MARCOS PIN / PACO CHARLÍN-20:00 h

11 nov. MBM TRÍO-20:00 h



CLUB CLAVICÉMBALO

8 nov. YOUNG MURAJAZZ BIG BAND-19:30 h - ÁLVARO VIEITO CUARTETO-23:30 h

10 nov. FELIPE VILLAR TRÍO-23:30 h

11 nov. PACO CHARLÍN & THE UNITY BAND-23:30 h

12 nov. ALFREDO GARCÍA QUARTET-23:30 h

13 nov. ALBERTO VILAS QUARTET-23:30 h

14 nov. PABLO SEOANE TRÍO-23:30 h - RAYUELA JAZZ ENSAMBLE-00:30 h

15 nov. RAYUELA JAZZ ENSAMBLE-23:30 h - LOS HOT CHOCOLATES-00:30 h

Revisou e traduciú: Shui Lóng.

Deseño: Blades Comunicación.

Portada: Shara Martínez.

Luns 10 nov.



CASA DO SABER DA USC Vicerreitoría de Coordinación

MARCOS PIN / PACO CHARLÍN-20:00 h

Paco Charlín nace en Vilanova de Arousa no 1975. A súa formación musical comeza aos 8 anos de idade con profesores privados e continúa en diversas escolas de música. No ano 1996, obtén dúas becas da máis prestixiosa universidade de jazz e música moderna do mundo, o Berklee College of Music, e trasládase a Boston, Massachusetts (USA), para perfeccionar os seus estudos. Cabe destacar a súa dobre licenciatura en Bass Performance & Jazz Composition con mención honorífica *Magna Cum Laude* e o premio Charles Mingus Award of Outstanding Musicianship -concedido pola universidade ao músico máis destacado de cada promoción- no ano 2000. Ademais, nese mesmo ano participa no XXIV Festival Internacional de Jazz de Getxo e é merecente do segundo premio.

Téñeno acompañado en concertos e gravacións: Mark Turner, Sheila Jordan, Orrin Evans, Chris Cheek, Steve Kuhn, Ambrose Akinmusire, Perico Sambeat, Donald Edwards, Miguel Zenón, Chano Domínguez, Taylor Eigsti, Paquito D'Rivera, Marcus Strickland, Jonathan Kreisberg, Walter Smith III, Bernardo Sasseti, Jonathan Blake, Aaron Goldberg, E.J. Strickland, Logan Richardson, Sam Harris, Frank Lacy, Myron Walden, Mark Whitfield Jr., etc. Actualmente, compaxina a súa carreira coa docencia no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra (SPJ).

Marcos Pin nace en Lugo no 1974. Comeza a tocala guitarra a unha idade temperá pero non amosa interese especial polo jazz ata a súa adolescencia tras descubri-lo grazas á radio. Xa nas redes do jazz, estuda en Santiago de Compostela en Estudio, Escola de Música, única da época, en Galicia, dedicada á divulgación deste xénero.

Múdase a Holanda, e finaliza *Cum Laude* os seus estudos de guitarra jazz no Royal Conservatory da Haia á vez que desenvolve un importante labor como músico de jazz nas innumerables *venues* holandesas. Estuda tamén composición e arranxos no conservatorio de Amsterdam. En Holanda coñece a infinidade de músicos cos que colabora; co saxofonista grego Thanos Athanasopoulos a colaboración é moi estreita, ambos cumpren máis de dez anos traballando xuntos en Athanasopoulos / Pin Jazz Quartet.

Pin tocou en gran número de clubs e festivais. Destacan na súa carreira escenarios de renome como o Alice Tully Hall, Lincoln Center -NY- e festivais como North Sea, Voorschoten, Imaxinasons, Ciclo 1906 e un longo etc. No ano 2013, Pin estivo nomeado aos Premios Martín Codax na categoría Mellor Proxecto de Jazz.

Actualmente, lidera o seu propio trío, o cuarteto Organic Collective xunto ao batería Carlos López e o decateto Factor E-Reset. Traballa como prestixioso *sideman* en España e, por suposto, segue tocando con Thanos.



CÍRCULO DAS ARTES – ESCENARIO 1906

HBC THE SUPER TRIO

SCOTT HENDERSON / JEFF BERLIN / GARY NOVAK-21:30 h

HBC é un novo supergrupo de *jazz* fusión formado por tres grandes estrelas, Scott Henderson, Jeff Berlin e Dennis Chambers, que se uniron para crear un dos tríos máis fantásticos da historia deste xénero. En lugar de reunirse nun estudio como unha entidade virtual e poñerse a improvisar, decidiron saír á estrada e refinar un repertorio de versións de clásicos de *jazz* fusión fronte a miles de fans fementos desta música. Despois de reunir unha impresionante colección de obras mestras e probalbas en directo, no 2012 sae á luz o seu primeiro álbum.

Henderson é un dos guitarristas contemporáneos máis talentosos e orixinais no xénero da fusión *jazz, rock* e *blues*. Colaborou con artistas e grupos como Chick Corea Elektric Band, Joe Zawinul Syndicate e Jean-Luc Ponty entre moitos outros. Foi líder e compositor na banda de fusión Tribal Tech (1985 - 2001), por moitos considerada a natural sucesora de Weather Report.

Jeff Berlin é un dos primeiros virtuosos do seu instrumento (xunto con Jaco Pastorius e Stanley Clarke), referente esencial na historia do baixo eléctrico pola gran cantidade de innovacións técnicas que aportou e considerado por moitos un dos mellores baixistas de tódolos tempos. Colaborou con Pat Martino, Gil Evans, Toots Thielemans, Al DiMeola, George Benson, Dave Liebman, Herbie Mann, Bill Bruford, Ray Barretto, Yes, John McLaughlin e Billy Cobham.

Un problema de saúde considerable apartou a Dennis Chambers do grupo nos últimos meses e para continuar *on the road* só un batería como Gary Novak podía estar á altura. Traballou co mestre do clarinete *jazz* Buddy DeFranco, así como con Louie Bellson, Maynard Ferguson, Natalie Cole, David Sanborn, Anita Baker, Lee Ritenour, a GRP All-Star, George Benson, Chick Corea e foi chamado para infinidade de gravacións e xiras de grandes figuras tan dispares como Bob Berg, Allan Holdsworth, Robben Ford, Michael Landau, Lindsey Buckingham, Joe Walsh, Chrissie Hynde, Eros Ramazzotti e Alanis Morissette, por citar algunhas.

Scott Henderson: guitarra

Jeff Berlin: baixo

Gary Novak: batería.



Martes 11 nov.



CASA DO SABER DA USC – Vicerreitoría de Coordinación

MBM TRÍO-20:00 h

MBM trío, o formado por Baldo Martínez, Antonio Bravo e Lucía Martínez naceu no ano 2009, aínda que os tres colaboraran anteriormente en distintas formacións, do ámbito jazz sobre todo, e gravaran xuntos, por exemplo o CD *Proyecto Miño* dirixido por Baldo Martínez, que foi premiado pola revista *Cuadernos de Jazz* como Mejor Disco del Año 2008 e por *Jazz Magazine*, en Francia, como CD du Mois. Todos son músicos de prestixio, directores de bandas propias cunha extensa discografía. Levaron a súa música por festivais de todo o mundo: París, Berlín, Múnic, Tánxer, Roma, Varsovia, Estocolmo, Brasil, México, etc.

Nesta ocasión, presentan o CD *MBM*, que tivo unha grande acollida por parte de público e prensa. Robert Latxague en *Jazz Magazine*, Pablo Sanz no diario *El Mundo* e Carlos Lara en *TomaJazz* coinciden en subliña-la achega que o trío supón para o jazz contemporáneo feito en España e maila frescura e riqueza da súa música. O repertorio de *MBM* está formado por composicións dos tres músicos e pertencentes, en cuestión de xénero, ao jazz contemporáneo europeo. O obxectivo é explorar diversas facetas dentro da improvisación que van desde marcos con certa densidade harmónica e rítmica ata campos máis próximos ao *free jazz* e incluso á libre improvisación. A forma de traballar do grupo afástase da do clásico trío de jazz con solista e sección rítmica acompañante e aposta neste caso por un contrapunto dos tres instrumentos cun claro propósito común. O resultado é un repertorio coherente e ao mesmo tempo heteroxéneo onde o factor sorpresa está sempre presente. Unha mirada ao jazz contemporáneo europeo pero sen intención de da-las costas ás formas máis clásicas, que non perden o seu espazo.

Baldo Martínez: contrabaixo

Antonio Bravo: guitarra

Lucía Martínez: batería.



CÍRCULO DAS ARTES – ESCENARIO 1906

LOU DONALDSON QUARTET-21:30 h

O lendario mestre do *jazz*, xigantesco saxofonista e compositor LOU DONALDSON foi unha das "vozes" máis importantes e singulares de moitos subxéneros do *jazz* moderno, unha forza poderosamente creativa na música contemporánea durante máis de seis décadas e dos poucos músicos, aínda con vida, referentes dunha época, xa mítica, ligada ao selo Blue Note, no cal xurdiron as gravacións e os momentos especialmente recordados do *bebop*, o *hard bop* e o *soul jazz*.

Dous exemplos: Lou Donaldson entrou na grande historia do *jazz* como o director musical da Blue Note All Stars Band que gravou en Birdland, no 1954 e na cidade de Nova York coa sensación do momento, o trompetista Clifford Brown, co pianista Horace Silver e con Art Blakey aos tambores o clásico do *hard bop* "A Night At Birdland", un dos temas máis importantes e influentes de Blue Note Records de tódolos tempos.

O incendiario saxofón alto de Lou Donaldson lideraba xunto ao órgano de Jimmy Smith o innovador clásico de Blue Note "The Sermon", que marcou o comezo de toda unha era de son *groove* con órgano e saxofón nos anos 60 e 70, o cal propiciou que durante un tempo o subxénero *funk jazz* pasase a ser case tan popular como o fora o *jazz* durante a era do *swing*.

Nacido en Badin (Carolina do Norte), no sur de EEUU e no 1926, Lou Donaldson empezou a toca-lo clarinete aos 9 anos. Recrutado pola Armada dos Estados Unidos no 1945, converteuse en membro da U.S. Great Lakes Navy Band, que proporcionou a *Sweet Papa* Lou a oportunidade de tocar cos vellos mestres Clark Terry, Ernie Wilkins e Luther Henderson. A petición de Illinois Jacquet, Lou trasladouse á cidade de Nova York no 1950 e moi pronto obtivo renome internacional grazas ao seu traballo como acompañante destacado na gravación de Milt Jackson "Bag's Groove".

Se ben profundamente influenciado polo xenio de Charlie Parker, Lou Donaldson desenvolveu moi axiña un son realmente único e un estilo propio que marcou moitos dos *hits* de Blue Note xunto a artistas como Clifford Brown, Thelonius Monk, Grant Green, Blue Mitchell, Ray Barretto, Curtis Fuller, Horace Parlan e moitos outros grandes xoves artistas do *jazz* nos anos 50, 60 e 70.

Despois dalgúns discos excelentes para os selos Cadet e Argo nos anos 60, o seu regreso a Blue Note no 1967 estivo marcado por unha das súas gravacións máis famosas, *Alligator Boogaloo*, na que o acompañaron Melvin Lastie, Lonnie Smith, George Benson e Leo Morris e que se converteu nun disco de culto ata hoxe en día.

Donaldson foi incluído no INTERNATIONAL JAZZ HALL OF FAME no 1986 e mereceu innumerables honores e premios pola súa contribución ao *jazz*. En xaneiro do 2013 recibiu o maior galardón que se pode outorgar dentro do mundo do *jazz*, o NATIONAL ENDOWMENT FOR THE ARTS JAZZ MASTER.

Lou Donaldson: saxo

Randy Johnston: guitarra

Akiko Tsuruga: órgano Hammond

Fukushi Tainaka: batería.



Mércores 12 nov.

CÍRCULO DAS ARTES – ESCENARIO 1906

SMILING ORGANIZM-20:30 h

Smiling Organizm é unha formación aberta e rotativa, integrada por músicos de diversas nacionalidades do máis alto prestixio internacional, liderada polo saxofonista e visionario musical **Zhenya Strigalev**. A música orixinal de Strigalev reflicte o seu estilo inquieto e imaxinativo, cheo de ideas melódicas e frescas que se integran na tradición do *jazz* e na vangarda da música contemporánea unindo xéneros con dinamismo e *grooves* urbanos.

De orixe rusa e residente en Londres, Strigalev é xa un habitual da escena neoirquina máis creativa xunto a músicos como Chris *Daddy* Dave, **Foley McCreary**, William Parker, Hamid Drake, Robert Mitchell, Liam Noble, Tim Lefebvre, Larry Grenadier e Eric Harland entre outros.

Completa a formación un quinteto de primeiras figuras:

Carlos Sarduy, considerado como un dos trompetistas cubanos con maior proxección nestes momentos.

Liam Noble, un destacado pianista británico moi orixinal e reflexivo. Noble "xamais toca un solo que non nos leve ao bordo do asento" (Moondog, Ingrid Laubrock, Lol Coxhill, Kenny Wheeler, Tom Rainey).

Foley, Joseph McCreary, Jr., coñecido profesionalmente como **Foley**, foi o baixista habitual do trompetista Miles Davis desde 1987 ata 1991. Desde entón compartiu escenario con Sly Stone, George Clinton, Herbie Hancock, Santana e Marcus Miller.

Harish Raghavan, unha das estrelas emerxentes da súa xeración, residente en Nova York; tocou con Kurt Elling, Taylor Eigsti, Vijay Iyer, Ambrose Akinmusire, Eric Harland, Mark Turner e Aaron Parks.

Gregory Hutchinson, batería fundamental e sobresaiñte na escena do *jazz* actual como testemuña a súa presenza nas formacións de Joe Henderson, Betty Carter, Roy Hargrove, John Scofield, Joshua Redman e Charles Lloyd.

Zhenya Strigalev: saxo alto


Carlos Sarduy: trompeta

Liam Noble: piano

Foley: baixo

Harish Raghavan: contrabaixo

Gregory Hutchinson: batería.



Koves 13 nov.

CÍRCULO DAS ARTES – ESCENARIO 1906

SUMRRÁ-20:30 h

Manuel Gutiérrez, Xacobe Martínez Antelo e LAR Legido son Sumrrá, o trío de *jazz* galego máis internacional e cunha das traxectorias máis constantes e sólidas.

Sumrrá fórmase no ano 2000 e, nestes 14 anos, deixou atrás centos de concertos, 4 discos -en preparación o quinto!- e varias xiras internacionais que levaron a banda por festivais de Bolivia, Bulgaria e Sudáfrica.

A crítica especializada desfixose en eloxios ante un trío de *jazz* inclasificable, salientando a orixinalidade das súas composicións, o virtuosismo dos seus integrantes e a contagiosa frescura dos seus directos.

Sumrrá non entende de modas, de etiquetas, nin de estilos. Sumrrá formouse hai 14 anos para tocar en liberdade, e niso segue. Inventándose en cada concerto e sorprendéndose dos resultados.

Manuel Gutiérrez: piano

Xacobe Martínez Antelo: contrabaixo

LAR Legido: batería.



Venres 14 nov.



CÍRCULO DAS ARTES – ESCENARIO 1906

BAPTISTE TROTIGNON TRIO-20:30 h

Un dos pianistas europeos máis excelso dos últimos tempos, Baptiste Trotignon, cunha carreira breve pero con traballos soberbios e colaboradores de luxo -Mark Turner e Tom Harrell entre outros-. Compárase con tótems do jazz actual do talle de Brad Mehldau, pero en realidade exhibe un discurso propio, lírico e melódico, imaxinativo e sedutor, con harmonías innovadoras e aberto a todo tipo de formas e linguaxes. É máis, o mellor de Trotignon é que sempre soa diferente e sempre soa a Trotignon. O pianista francés tocou en multitude de formacións e escenarios adaptándose en todo momento á paisaxe musical na que se encontraba e non renunciando á propia voz. A súa raíz de pianista clásico está presente sen excepción pero nunca en prexuízo da súa personalidade *jazzística*. Tal vez non sexa por completo recoñecible, pero tampouco vulgar, predicible nin acartonado. Consegue que o piano soe vibrante e sorprendente e amosa esa rara autenticidade de quen improvisa de certo, sen frases aprendidas ou recursos premeditados, saltando sen rede en cada solo que ten por diante. Só hai que repasa-la súa discografía para comprobalo.

Considerado pola crítica nacional e internacional un dos valores máis seguros do jazz actual, Trotignon trunfa tanto en Francia como en Estados Unidos. O acto de presenza máis próximo do artista no noso país data do pasado mes de xullo no Festival de Jazz de Vitoria.

Vén de saír ao mercado a súa última gravación, *Hit*, tocando en trío xunto a Thomas Bramerie, principal referente do contrabaixo en Francia, e ao batería Jeff Ballard, un dos grandes do instrumento nos últimos quince anos, membro distinguido da xeración que cambiou o curso do jazz a principios dos noventa; un músico requirido por todo tipo de artistas, de Chick Corea a Brad Mehldau, pasando por Pat Metheny, Joshua Redman, Avishai Cohen, Danilo Pérez e Kurt Rosenwinkel.

Jean Baptiste Trotignon: piano

Thomas Bramerie: contrabaixo

Jeff Ballard: batería.

Sábado 15 nov.

CÍRCULO DAS ARTES – ESCENARIO 1906

PAUL JACKSON TRIO & RICK MARGITZA

20:30 h

Coñecido como o "músico dos músicos", **Paul Jackson** naceu en Oakland (California) no 1947 e comezou a toca-lo contra baixo con só nove anos. Con 25 xa traballara como profesor de baixo eléctrico en institucións tan prestixiosas como o Berklee College of Music de Boston, a A. N. Contemporary of Music de Tokio ou a University of California, en Santa Cruz.

No 1973, o pianista Herbie Hancock recrutou a Jackson para o seu novo grupo eléctrico, **The Headhunters**. O primeiro disco da banda, titulado simplemente *Headhunters*, contiña un dos temas máis populares do *jazz funk* de tódolos tempos, "Chamaleon", que acadou un tremendo éxito de crítica e público. Esta foi a primeira dunha serie de gravacións que a banda realizou durante a década dos 70, que hoxe permanecen como referentes imprescindibles do movemento. Jackson continuaría desde aquela traballando para Hancock, fóra do ámbito do grupo, o que lle proporcionaríaa varios nomeamentos aos premios Grammy.

O currículo de Paul Jackson é impresionante e levouno a traballar con numerosos artistas de primeira liña, entre os que cabe destacar a Herbie Hancock, George Benson, Freddie Hubbard, Oscar Peterson, Sonny Rollins, Miles Davis, Billy Cobham, Carlos Santana, John McLaughlin, Al DiMeola, George Duke, Al Jarreau, Wayne Shorter, Chick Corea, Stevie Wonder, John Scofield, Airto Moreira, Jaco Pastorius, The Pointer Sisters, Tower Of Power, Jimmy Smith, Stanley Clarke e Stanley Turrentine.

Nesta ocasión, co seu trío habitual, é dicir, acompañado por Xantóné Blacq (pianista de Amy Winehouse e Mark Ronson) e Tony Match (batería de Fred Wesley, entre outros), preséntano-la súa última gravación, *Groove Or Die*, que leva só uns días na rúa. Contarán coa presenza dun invitado moi especial, **Rick Margitza**, un saxofonista incisivo e poético que, bebendo de xenios como Coltrane, Brecker e Shorter, saltou á fama por se-lo saxo das últimas bandas de Miles Davis e converteuse nun dos músicos máis respectados no panorama do *jazz* internacional.

Paul Jackson: baixo e voz

Xantóné Blacq: teclados

Tony Match: batería

Rick Margitza: saxo.



CLUB CLAVICÉMBALO

8 nov.

YOUNG MURAJAZZ BIG BAND-19:30 h



Xurxo Morales, Diego Basadre e Sergio González: saxo alto
Daniel Rábade e Miguel Carballo: saxo tenor
Sabela Al-Soufi: saxo barítono
Marta García: tuba
Lorrayne Silva: bombardino

Carlos López, Alfonso Blanco e Adrián Vazquez: trompeta
Iria de Cabo: guitarra
Andrea Vilar: piano
Alfonso Carballo: baixo eléctrico
José Fontao: batería.

ÁLVARO VIEITO CUARTETO-23:30 h



Tras gravar *Introducing Álvaro Vieito* (producido por Abe Rábade, editado por Azos Jazz-Falcatrada e distribuído por Nuba-Karonte), o guitarrista e compositor porriñés volve á carga cun repertorio completamente renovado, cheo de enerxía, forza, drama e lirismo, no que se fan aínda máis patentes influencias de xéneros como o folk, o pop, o *rock* e o *jazz*. Composicións onde conflúen a sinxeleza e honestidade dunha canción de autor, o épico dunha banda sonora e mailo frescor do *through-composed* e da improvisación cun enorme potencial para emocionar ao oínte.

Álvaro Vieito: guitarra
Pablo Castaño: saxo alto

Álex Salgueiro: órgano
Max Gómez: batería.

10 nov.

FELIPE VILLAR TRÍO-23:30 h



Co seu trío, Felipe Villar vén de gravar, en xaneiro de 2014 e en directo, o primeiro disco como líder, *Home*, que se achega ao son de dous dos seus grandes heroes, Jim Hall e Peter Bernstein. O disco está recibindo moi boas críticas por parte de publicacións famosas como *Zona de Jazz* e *All About Jazz* entre outras; o seu tema "Bigman" é unha das descargas recomendadas na páxina web desta revista.

Felipe Villar: guitarra
Max Gómez: batería
José Manuel Díaz: contrabaixo.

11 nov.

PACO CHARLÍN & THE UNITY BAND-23:30 h



The Unity Band é o novo grupo do contrabaixista vilanovés Paco Charlín, segundo a crítica especializada, un dos máis firmes valores da nova xeración de músicos de jazz do noso país tanto pola firmeza en calidade de acompañante como polo xeito de expresa-las ideas cando solista; isto sen esquece-las virtudes técnicas dun instrumentista de probada eficacia. O repertorio desta formación baséase nos chamados *standards* e nas composicións orixinais dos integrantes do grupo, fusionando, como base rítmica e harmónica, tradición e creación no jazz moderno. Os compoñentes da Unity son artistas de sona no panorama actual do jazz peninsular e teñen colaborado con mestres na historia do xénero.

Paco Charlín: contrabaixo

Wilfred Wilde: guitarra

Seir Caneda: piano

Max Gómez: batería.

12 nov.

ALFREDO GARCÍA QUARTET-23:30 h



Recentemente galardoado co primeiro premio do Concurso Nacional de Maquetas de Jazz Fusión da FNAC, xorde cando Alfredo García, tras anos de tocar en diferentes bandas, decide apostar polas propias composicións e, deixando unha tempada os escenarios, dedicarse por inteiro a levar adiante unha idea na que soubo pulsar tódolos resortes da música moderna desde os anos cincuenta; o que dá como resultado un estilo paradoxalmente directo e atmosférico, no cal as boas melodías se converten en idóneas plataformas para a improvisación e o *groove* non rifa co intimismo máis exacerbado.

Alfredo García: guitarra

José García: saxo

Quique Alvarado: baixo

Bruno Couceiro: batería.

CLUB CLAVICÉMBALO

13 nov.

ALBERTO VILAS QUARTET-23:30 h



No ano 2009 comeza a súa andadura a formación inicial coñecida como Alberto Vilas Quinteto, nome que fai referencia ao pianista e compositor galego autor de todo o repertorio que ofrece. Con esta formación de quinteto ten gravados dous discos, *Experianza* (2011) e *Crónica cromática* (2014). A banda foi convidada a participar nos máis importantes festivais de jazz de Galicia: Imaxinasons, Via Stellae, Festival de Jazz de Lugo, Festival de Jazz de Pontevedra, Nigranjazz, Sons na Fronteira... Seleccionada pola AIE para unha xira por todo o estado español, dos seus discos están a facerse eco canles de televisión e radio dentro e fóra de Galicia.

Alberto Vilas: piano
Rosolino Marinello: saxo
Juansy Santomé: contrabaixo
Javier Barral: batería.

14 nov.

PABLO SEOANE TRÍO-23:30 h



Presenta *Inópia*

O pasado febreiro deste ano 2014, o pianista ferrolán Pablo Seoane (xunto a José Manuel Díaz ao contrabaixo e LAR Legido á batería) presentou no Teatro Principal de Compostela un novo disco do **Pablo Seoane Trío**. Contén un feixe de composicións orixinais articuladas dun modo case vexetal, como variacións duns poucos e breves temas. Fíos que circulan, aparecen e desaparecen ao longo do traballo enteiro e funcionan, en fin, como detonante dun exercicio de aberta improvisación colectiva.

Pablo Seoane: piano
José Manuel Díaz: contrabaixo
LAR Legido: batería.

14 nov.

RAYUELA JAZZ ENSAMBLE-00:30 h



Nace da iniciativa de catro músicos de Tenerife para compartir vivencias a través do jazz moderno e a súa fusión con outros xéneros.

De ampla experiencia profesional, cada un por separado, deciden unirse e desenvólvelas ideas que lles bulen na cabeza; como resultado, xorde un traballo cheo de latexos, vivaz. Desde as illas para o mundo, música forxada e acompañada a ritmo de lume e volcán.

Gabriel Báez: guitarra
Sergio García: saxo
Luiso Valladares: baixo
Dimas Machado: batería.

15 nov.

RAYUELA JAZZ ENSAMBLE-23:30 h

LOS HOT CHOCOLATES-00:30 h



Iago Mouriño: piano, arranxos
Santi González: saxofón tenor
Nando González: trompeta
Pablo Añón: saxofón alto
Diego Rodríguez: trombón
Víctor Sánchez: clarinete
Juan Tinaquero: contrabaixo
Luis Tinaquero: guitarra acústica, *banjo*, dobro
Juan Cabe: guitarra, *banjo*
Santi Roma: batería, táboa de lavar
Marián Ledesma: voz
Miguel Ladrón de Guevara: voz.

ORGANIZA



WWW.JAZZLUGO.COM
FESTIVAL@JAZZLUGO.COM



Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA



Lugauto



¿Te gusta conducir?



Ocio en LUGO.com

ELPROGRESO

iberCaja 

 PARA
COMER
LUGO

ENTRADAS:

CASETA DO FESTIVAL (PRAZA MAIOR)

[HTTPS://ENTRADAS.IBERCAJA.ES](https://entradas.ibercaja.es)

OS CONCERTOS NA CASA DO SABER
DA USC SON DE ENTRADA LIBRE ATA
ESGOTAR LOCALIDADES

OU ESCANEA ESTE QR

